

Século XIX: A restauración, as revolucións burguesas e os nacionalismos

- Restauración

Etapa histórica que abrangue desde 1815 a 1830 e que se caracteriza polo desexo dos monarcas europeos en replantar o réxime absolutista que decaera coa Revolución Francesa e con Napoleón

- Sistemas políticos europeos da Restauración
- **Francia**

Sistema pseudoconstitucional de carta outorgada (1814)

Sistema político francés establecido por Luís XVIII. Establece unha constitución feita polo propio rei. Orixínanse dúas cámaras:

Senado: membros escollidos polo propio rei

Cámara Baixa: elegida por sufraxio censitario masculino maiores de 30 anos. Os membros da cámara tiñan que ser maiores de 40 anos e cunha contribución determinada

- **España**

No ano 1834 implántase o sistema francés de carta outorgada.

- **Gran Bretaña**

Sistema monárquico parlamentario

Sistema político no existía un Parlamento e un monarca, a pesares de que a autoridade predominante residía no Parlamento. Había dous partidos:

Tory: partido conservador

Whig: partido liberal.

- **Resto Europeo**

Monarquías

◊ Congreso de Viena (1814–1815)

Reunión entre os representantes das monarquías europeas para tratar de reorganizar Europa e evitar a expansión dos ideais revolucionarios da R.F.. O congreso foi encabezado por Prusia, G. GB, Rusia e Austria. Tamén asistir países de orde menor.

- Propósitos
- **Novo orden político** baseado no principio de lexitimidade histórica
- **Novo orden territorial** baseado no principio de equilibrio
- **Sistema de seguridade colectiva** baseado no principio de dereito de intervención
- **Evitar a expansión dos ideais da R. F.**

Para poder asegurar estes propósitos decidíronse reunirse periódicamente en congresos. Destacan:

- ♦ **Congreso de Aquisgrán (1818):** *propósito:* retirar as tropas de Francia e invitala a formar unha alianza para evitar os movementos revolucionarios e así poder asegurar a permanencia das monarquías absolutistas
- ♦ **Congreso de Troppau (1820):** *propósito:* petición para intervir en Nápoles ó exército austriaco
- ♦ **Congreso de Leybach (1821)**
- ♦ **Congreso de Verona (1822)** *propósito:* permitir a intervención do exército francés en España. Os cen mil fillos de san Luis acabaron co trienio liberal e restableceron a Fernando VII.
- ♦ Novo mapa territorial

Anexións ó:

- **Imperio austríaco:** norte de Italia, provincias de Ilirias. Posteriormente, o Imperio austro-húngaro, exercerá a súa influencia no Sur da Confederación Xermánica.
- **Rusia:** Finlandia, Polonia (gobernada por un zar ruso, pero non se anexionou a Rusia)
- **Prusia:** Saxonia, Pomerania, algunhas zonas de Renania. Tamén exercía moita influencia na zona norte da Confederación Xermánica.
- **Gran Bretaña:** Cidade do Cabo, Malta, Heligoland, I. Xónicas, estado de Hannover
- **Países Baixos:** Holanda, Luxemburgo e Bélxica
- **Confederación Helvética**
- **Reino de Cerdeña-Piamonte**
- **Suecia:** Noruega
- **Dinamarca:** Ducados de Holstein e Launenburg
- **Península Itálica:**
 - Estados Pontificios: gobernados polo Papa
 - Dúas Sicilias: Borbóns
 - Parma, Módena e Toscana: gobernada por príncipes austríacos
 - Lombardía e Venecia: gobernada polo emperador austriaco
- **Confederación Xermánica:** formada por 41 estados. Comprendía, entre outros territorios, a unha parte do reino de Prusia e de Austria. Estes estados reúnanse na Dieta, que era unha assemblea dos príncipes dos estados alemáns en Frankfurt. Carecía de poder decisorio.
- ♦ Santa Alianza

Pacto asinado en París no ano 1815 por Prusia, Austria e Rusia polo que se comprometían a defender o dereito de intervención fixado no C. De V. basándose en principios que eles consideraban propios da relixión cristiá.

Este sistema de seguridade colectiva tamén recibiu o nome de *sistema Metternich*

- Movementos Revolucionarios (1820, 1830, 1848)

En contra do sistema da Restauración, aparecen dous grandes movementos revolucionarios:

- ♦ Liberalismo
- ♦ Nacionalismo

Estas dúas ideoloxías motivaron movementos revolucionarios dando lugar a tres grandes revolucións:

♦ Revolución de 1820

España

- ♦ Comeza en España.
- ♦ Extensión polo sur do Mediterráneo: Nápoles e Grecia

- ♦ Fernando VII implanta unha monarquía absolutista
- ♦ Reúnese o Estado para que a Constitución de 1812 se estableza
- ♦ Monarquía constitucional durante tres anos (trienio liberal: 1820–1823)
- ♦ Congreso de Verona > intervención do exército francés

Grecia

♦ Revolución de 1830

- Comeza en París
- Extensión por Bélxica, Polonia, Italia e Alemaña

Fancia

- Carlos X

Suspensión da liberdade de prensa

Disolución da Cámara de Deputados

Reforma da lei electoral restrinxindo o dereito de voto

- Revolta en 1830 nas rúas de París en contra da política establecida por Carlos X
- Exilio do rei en G.B.
- Luís Felipe de Orleáns:

Constitución liberal

Bélxica

Bélxica, tralo tratado do C. De V. pasara a formar parte dos Países Baixos,

nos que gobernaba un rei holandés (Guillermo I) que era protestante. Os belgas católicos non o aceptaron e demandaron unha maior independencia cultural e política. Aproveitando o sucedido en París, os belgas protagonizaron en agosto unha revolta, conseguindo así a súa independencia.

Polonia

Tralo C. de V. formouse o chamado Reino de Polonia, gobernada por un zar.

Pronto os polacos nacionalistas iniciaron movementos pedindo a súa independencia, que culminou en novembro de 1830 cun levantamento armado. No ano 1831, Polonia proclamábase independente

Italia

En 1831, estallaron levantamentos nos Estado Pontificios. O Papa, pediu axuda a Austria para sofocar as insurreccións.

Alemaña

O acontecido en París serviu de referencia para de modelo para alzamentos liberais en moitos Estados Alemáns.

G.B

No ano 1832 apróbase unha lei de reforma electoral, pola que se permitía unha maior participación no voto e unha maior representación político, sobre todo de cidades industriais.

◇ Revolución do 1848 ou Primavera dos Pobos

Toda Europa se viu involucrada por uns movementos revolucionarios, excepto G. B e Bélxica.

Causas

Crisis económica: que comeza sendo unicamente agrícola debido a unha peste que recae sobre as patacas e que fai que se empodrezcan (isto provoca, por exemplo, moitos movementos migratorios en Irlanda). Isto desemboca nunha crise industrial, pos a poboación tiña menos capacidade para mercar produto, que a súa vez producía unha crise financeira posto que a poboación tiña menos capacidade para mercar produtos manufacturados.

Loita polos novos ideais políticos: sufraxio universal masculino e a proclamación dunha democracia

Obxectivos

- Reimplantación de c. democráticas basada no sufraxio universal masculino
- Conseguir dereitos políticos para tódolos cidadáns varóns traballadores
- Participacións das clases baixas nos movementos revolucionarios e

plantexamento dos seus recoñecementos

Tanto Austria como Alemaña sufrir un dobre enfrentamento: revolución liberal e movementos nacionalistas.

Francia

- ◊ Derrocamento de Felipe de Orleáns
- ◊ Proclamación da II República
- ◊ Elección dunha Asamblea Nacional
- ◊ Leis revolucionarias

Sufraxio universal

Liberdade de prensa

Abolición de pena de morte e supresión da escravitude

Medidas sociais para acabar co paro

Medidas laborais: redución da xornada laboral

Prohibición de que os nenos traballaran

Dereito de folga e de traballo

- ◊ Peche do talleres nacionais
- ◊ Movementos revolucionarios
- ◊ Intervención severa do exército
- ◊ Xuño–Decembro: goberno do exército
- ◊ Decembro: Luís Napoleón Bonaparte elixido presidente da República
- ◊ 1852: Golpe de estado e Segundo Imperio Francés
- ◊ Emperador Francés: Luis Napoleón III

Austria

- Destitución de Metternich
- Monarquía Parlamentaria constitucional
- Abdicación de Fernando I
- Subido ó trono de Francisco Xosé I
- Rebelión dos terriorios anexados a Austria
- Enfrentamento de Italia
- Derrota dos italianos
- Rebelión de Alemaña

Constitución federal para os Estados Alemáns

- Rexeitamento de Austria e Prusia por esta iniciativa
- Federico Guillerme de Prusia promete otorgar unha Constitución e gobernar Alemania unida
- Rexeitamento da coroa que lle ofrece o Parlamento de Frankfurt

Causas do fracaso da R. 1848

· 1849: melloramento da economía

- Actuación combinada dos ejércitos de Prusia e Austria
- Falta de coordinación

Consecuencias

- Sufragio universal masculino (revolución democrática)
- Supresión de feudalismo en toda Europa excepto Rusia